

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [16/06/2023]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

No proceso selectivo valorarase a posesión dos coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente á que opta o persoal aspirante, así como a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

A) PRIMEIRA PROBA: DEMOSTRACIÓN DOS COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS DA ESPECIALIDADE.

Para superar a primeira proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Esta primeira parte computará o 50 por cento na fase de oposición e non será eliminatoria.

1. CONTIDO:

Desenvolvemento por escrito dun tema escollido polo persoal aspirante de entre cinco temas do temario oficial extraídos ao chou pola comisión de selección.

(<https://www.boe.es/boe/dias/1993/09/21/pdfs/A27400-27438.pdf>).

2. CUALIFICACIÓN

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos.

A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0.5 a cualificación obtida.

Esta primeira proba non terá carácter eliminatorio.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PARTE TEÓRICA

Mostrar un coñecemento completo, profundo, actualizado e con rigor do tema.

Amosar un enfoque orixinal e enriquecedor no seu desenvolvemento.

Estruturar de forma axeitada a información: índice, introdución, desenvolvemento de cada bloque de contidos, elaboración de conclusións e síntese.

Explicar correctamente a súa fundamentación bibliográfica, valorando a pertinencia das fontes citadas e empregadas como referencia.

Relacionar o tema con outros contidos do temario e/ou do ensino da especialidade.

Aparte dos criterios específicos relacionados coa especificidade da proba A, convén lembrar os criterios xerais que se aplican a todas as probas escritas e que se establecen a continuación.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS.

REQUISITOS BÁSICOS

Mostrar limpeza, claridade e orde na presentación da proba.

Presentar e expoñer de forma organizada, clara e coherente, con precisión terminolóxica, riqueza léxica, corrección gramatical e ortográfica e fluidez do discurso.

Desenvolver os textos con coherencia e cohesión textual. Transmitir a información de forma clara e continua, presentando unha clara unidade temática e distribuindo a información de xeito ordenado cunha articulación sucesiva de temas e remas (progresión temática). Utilizar mecanismos de cohesión léxico-semántica e marcadores e conectores discursivos.

Adequar os textos á situación comunicativa usando un rexistro formal, un código elaborado e un nivel culto propio do ámbito académico.

Empregar unha terminoloxía rica e de carácter técnico, que demostre rigor no coñecemento do tema.

B) SEGUNDA PROBA: COMPROBACIÓN DA APTITUDE PEDAGÓXICA E DO DOMINIO DAS TÉCNICAS NECESARIAS PARA O EXERCICIO DOCENTE

1. CUALIFICACIÓN

Esta proba valorarase globalmente de 0 a 10 puntos.

A cualificación ponderada calcularase multiplicando por 0.5 a cualificación obtida na defensa da unidade didáctica elixida polo/a opositor/a.

Para a valoración desta parte seguirase a Rúbrica da segunda proba da fase de oposición - B contida no ANEXO VII da Orde do 5 de decembro de 2022 (DOG 22 de decembro de 2022) pola que se rexe o proceso selectivo.
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/orde_oposicion_2023.pdf

A referencia para calquera outro aspecto relacionado co presente procedemento será a Orde do 5 de decembro de 2022 (DOG do 22 de decembro de 2022).